

## **INFORMACIÓN PARA A SOLICITUDE E ADMISIÓN NO CURSO GRATUÍTO DE MANIPULACIÓN DE ALIMENTOS DIRIXIDO A MULLERES EMPADROADAS NO CONCELLO DE PORTO DO SON (4H).**

### **1.- Persoas destinatarias.**

Poderán presentar solicitude de participación neste curso as mulleres interesadas en xeral, tendo prioridade aquelas que se atopen empadroadas no Concello de Porto do Son.

### **2.- Solicitudes e prazo de presentación.**

As solicitudes de participación nesta acción formativa deben enviarse ao enderezo electrónico: [maria.santos.lemina@portodoson.gal](mailto:maria.santos.lemina@portodoson.gal)

O prazo de presentación de solicitudes comezará o xoves 23 de marzo de 2023 e rematará o xoves 30 de marzo de 2023, ás 14.00h. Non se terá por admitida ningunha solicitude enviada antes ou despois de dito prazo.

### **3.- Documentación.**

A solicitude de admisión deberá enviarse debidamente cuberta ao enderezo electrónico indicado. Na solicitude deberá indicarse unicamente unha das ocupacións sinaladas. Non se terá por admitida ningunha solicitude que non veña debidamente cuberta.

A comprobación da situación de empadroamento no Concello de Porto do Son será feita de oficio polo servizos municipais. O envío da solicitude implica a autorización para esta comprobación.

### **4.- Número de prazas e selección de participantes.**

Esta acción formativa conta cun total de 15 prazas. De producirse un maior número de solicitudes que prazas dispoñibles, a asignación de prazas farase polo sistema de sorteo, a realizar na Secretaría Xeral do Concello de Porto do Son.

### **5.- Datas e Lugar de celebración do curso.**

O curso terá lugar o martes 11 de abril, en horario de 16.00h a 20.00h, no Centro de Interpretación do Castro de Baroña (Av. Fernando Fariña Barros, 10, 15970 Porto do Son).

## **6.- Contidos do curso.**

- Os alimentos; seguridade e hixiene alimentaria.
- Obrigacións e prohibicións na manipulación de alimentos.
- Alteración e contaminación de alimentos.
- Enfermidades transmitidas por alimentos.
- Conservación de alimentos.
- Boas prácticas de hixiene e fabricación.
- Etc.

Porto do Son, 23 de marzo de 2023.